

BUSCAR

Buscar

MENÚ

[POLÍTICA](#)[LINGÜÍSTICA](#)[VIVIR EN GALEGO](#)[APRENDER](#)[GALEGO](#)

A Xunta súmase á homenaxe en recoñecemento dos escritores Víctor Campio e Francisco Luís Bernárdez

- *O concello de Maside nomeounos fillo predilecto e fillo adoptivo, respectivamente*
- *O secretario xeral de Política Lingüística, Anxo Lorenzo, e o director xeral de Promoción e Difusión da Cultura, Francisco López, gabaron o seu compromiso coa lingua e a cultura galegas no acto celebrado hoxe na localidade ourensá*

Maside, 20 de novembro do 2010.- A Xunta de Galicia, a través do secretario xeral de Política Lingüística, Anxo Lorenzo, e do director xeral de Promoción e Difusión da Cultura, Francisco López, rendeulles homenaxe aos escritores Víctor Campio Pereira e Francisco Luís Bernárdez, que foron nomeados como fillo predilecto e fillo adoptivo, respectivamente, do concello de Maside.

Anxo Lorenzo e Francisco López participaron hoxe no acto organizado polo concello ourensán, ao que tamén asistiron o alcalde de Maside, Celso Fernández López; o presidente da Real Academia Galega (RAG), Xosé Luís Méndez Ferrín; o presidente do Centro PEN Galicia, Luís González Tosar; e o catedrático de Literatura Galega e membro da RAG Xesús Alonso Montero, entre outros.

“Orfebres do galego”

Durante o acto, ambos os representantes da Xunta gabaron a traxectoria de Víctor Campio e Francisco Luís Bernárdez. Por unha banda, o responsable de Política Lingüística, Anxo Lorenzo, fixo fincapé na súa intervención en que, “sendo diferentes nas súas traxectorias vitais, nos momentos históricos polos que transitaron e nos territorios que frecuentaron, ambos os escritores practicaron un amor tanxibe pola lingua e a cultura galegas”. Neste sentido, o secretario xeral considerounos como “ourives do galego, traballadores do idioma e da cultura do país preocupados por darlle forma a unha lingua que sempre gozou dun amplo uso oral, pero que precisaba agarimo e cultivo escrito”.

Respecto de Víctor Campio, Anxo Lorenzo incidiu en que, “desde o seu maxisterio ourensán, foi achegando o seu saber á elaboración dun idioma poético de calidade, a un idioma galego de calidade, que é o que todos desexamos: unha lingua popular, fixada, asentada e intelectualizada formalmente, para dar resposta aos retos da sociedade actual, e coñecida e utilizada por todo tipo de falantes”.

Política Lingüística reeditarán o “Discurso encol do idioma galego”, de Bernárdez

De Francisco Luís Bernárdez, “intelectual que representa esa estirpe galega en América”, o secretario xeral salientou que Galicia lle debe “un recoñecemento fondo e sincero porque foi unha persoa que defendeu a cultura, a historia e a lingua desta terra alí onde estivo”. Mostra deste labor a prol da lingua é o “Discurso encol do idioma galego”, que Bernárdez realizou o 19 de setembro de 1952 no Centro Galego de Bos Aires. Logo de reproducir un fragmento do texto, Anxo Lorenzo anunciou o compromiso do departamento que dirixe de reeditar o discurso

Categorías

[Administración](#)[Celga](#)[Educación](#)[Tecnoloxías da lingua](#)[Formación de adultos](#)[Proxección](#)[Exterior](#)[Parlamento de Galicia](#)[Colaboracións](#)[Publicacións](#)[Centro Ramón](#)[Piñeiro](#)[Outros](#)

para un máis doado acceso a el por parte das persoas interesadas.

Un recoñecemento xusto

Pola súa banda, Francisco López amosou a súa satisfacción "de que Víctor Campio e Francisco Luís Bernárdez formen parte deste gran momento que é o Ano do Libro e da Lectura 2010, no que Galicia se recoñeceu como cultura de primeiro nivel, con forza propia no mundo contemporáneo".

En palabras do director xeral de Cultura, a homenaxe a ambos os dous poetas supón "un recoñecemento xusto no que Galicia valora o que ofrece". Francisco López gabou os escritores homenaxeados incidindo no "recoñecemento do que goza Víctor Campio dos grandes lectores de poesía" e cualificando a Francisco Luís Bernárdez como "o home fundamental dese momento extraordinario que viviu a cultura arxentina nos anos centrais do século pasado".



© Xunta de Galicia. Información mantida e publicada na internet pola Xunta de Galicia.

[Información administrativa e atención ao cidadán](#) | [Suxestións e queixas](#) | [Aviso legal](#) | [Atendémolo/a](#)